



BOP

MÉRCORES, 24 DE SETEMBRO DE 2025 N.º 220

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” E DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2025

En relación co asunto de referencia, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 19 de setembro de 2025 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1º Aprobar a concesión dos Premios “Lugo Cambia ao turismo lucense” ás seguintes candidaturas:

- Concello de Quiroga (Programa Descubrir Quiroga)
- Asociación Cultural As Fachas (Queima das Fachas de Castelo).
- Asociación Cultural Petapouco e a Destempo (Foliada da Fonsagrada)

2º Aprobar a concesión dos Premios “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” ás seguintes candidaturas:

- Concello de Pedrafita do Cebreiro (Feira do Queixo do Cebreiro)
- Concello de Láncara (Feira Degustación da Tenreira Galega)

3º Aprobar a concesión do “Premio Turismo Sostible” á candidatura da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense “Camiño cara a sostibilidade turística na Mariña Lucense. Proxectos que definen unha traxectoria”.

4º Aprobar a concesión dun accésit ao “Premio Turismo Sostible” á candidatura presentada polo Hotel Mogay.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo. En caso de optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 19 de setembro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2628

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía do 22/09/2025, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun posto de **Administrativo**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, o abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos ano 2025, no que se contempla o Programa de Reforzo do Emprego.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 / 14:00 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 22 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2629

LUGO

Anuncio

Formada polo Órgano de Xestión Económico-Financeira e informada pola Intervención Xeral a Conta Xeral do exercicio 2024, e ditaminada pola Comisión Especial de Contas na sesión de data 22 de setembro de 2025, de acordo co disposto no art. 212.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ó público por prazo de quince días, podendo ser examinado o expediente en horas de oficina na Tesourería Municipal. Durante dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes, de ser o caso, pola Comisión Especial de Contas e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e, de ser o caso, das reclamacións, reparos e observacións formulados, o expediente da Conta Xeral elevarase ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, se procede, e sen prexuízo do seu sometemento posterior á fiscalización externa do Tribunal de Cuentas.

Lugo, 22 de setembro de 2025.- A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Territorial, en substitución do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, Ana M. González Abelleira.

R. 2630

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de créditos, expediente 433/2025 do orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2025 ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP Nº 194 do 25/08/2025), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	1.533.952,52	1	680.000,00
2	805.597,54	2	100.000,00
3	37.200,00	3	434.000,00
4	42.800,00	4	1.302.707,72
5	0,00	5	3.000,00
6	1.030.686,35	6	0,00

7	200.000,00	7	350.966,78
8	0,00	8	825.031,30
9	115.000,00	9	69.530,61
TOTAL	3.765.236,41	TOTAL	3.765.236,41

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito, expediente 433/2025 do orzamento para o ano 2025, os/as interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 17 de setembro de 2025.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 2602

O SAVIÑAO

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía 2025-0280, de data 08 de setembro de 2025, aprobáronse as bases específicas para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 CONSERXE ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 (Programa B.3 reforzo do emprego), baixo a modalidade de funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (Expte. 1230/2025).

Lugar de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de O Saviñao (físico ou electrónico) ou a través de calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo de presentación: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.

Máis información: as bases específicas da convocatoria poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de O Saviñao (<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>)

O Saviñao, 9 de setembro de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2603

SOBER

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 1 POSTO DE TÉCNICO-A TURISMO, 5 MESES, 75% DE XORNADA, COA TITULACIÓN DE DIPLOMADO-A EN TURISMO GRUPO II, CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, INCLUIDO DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO).

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 17/09/2025 resolveu convocar o proceso selectivo para a selección de un traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2025 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á

publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 17 de setembro de 2025.- O Alcalde, Luís Fernández Guitián.

R. 2604

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 18 de setembro de 2025, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde, Luís Fernández Guitián.

R. 2605

XOVE

Anuncio

Polo Concello Pleno na súa sesión de 15 de setembro de 2025 e á vista da extinción do servizo público local deportivo "Escola de Ximnasia Rítmica de Xove", adoptouse acordo de derogación do Acordo regulador do Prezo público pola prestación do servizo de Escola de Ximnasia Rítmica, o que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que dito acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra o mesmo, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a data indicada. Todo elo en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e os artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa de aquel ou da súa desestimación presunta.

Todo elo sen prexuízo de que os interesados podan exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estimen procedente.

Xove, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2606

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - SOBER

Anuncio

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SOBER DURANTE O ANO 2025

BDNS (Identif.): 857494

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/857494>)

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SOBER A ASOCIACIÓNS CULTURAIS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA FOMENTAR ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2025.

1.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes: homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións culturais, eventos musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, estudos.... que pretendan a conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase á aplicación orzamentaria 334.489 do orzamento xeral vixente e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 2.000,00 euros para actividades culturais

Serán actividades subvencionables, ao abeiro das presentes bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as persoas ou entidades, públicas ou privadas xuridicamente constituídas, así coma as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran as seguintes condicións:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Sober.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Sober.
- Non estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.

Ademais, salvo no caso das agrupacións sen personalidade xurídica, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Sober.

3.-PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE.

3.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de outubro.

3.2. LUGAR: Departamento de Cultura do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober (concellodesober.sedelectronica.gal).

3.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR (consultar sede electrónica do Concello de Sober)

4.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.

5.- DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 338.489

Sober, 28 de setembro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Luís Fernández Guitián.

R. 2608